



NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS
(novas normas aplicables a partir do
02.07.2020)

1.- PREZO/CRÉDITO POR ALUMNO

- a. Titulacións propias: máximo 100 €/crédito.
- b. Cursos de Posgrao (Máster): máximo 70,12 €/crédito. Máximo 3.506 €/curso.
- c. Cursos de Posgrao (Especialista): máximo 70,12 €/crédito. Máximo 1.402,40 €/curso.
- d. Cursos de Formación: máximo 41,6 €/crédito. Máximo 360,61 €/curso.
- e. Cursos Complementarios: máximo 41,6 €/crédito. Máximo 360,61 €/curso.
- f. Cursos de Extensión universitaria: máximo 4,16 € por hora presencial, ata un máximo de 249,6 € por curso.

a) Criterios excepcionais

O carácter práctico, a complexidade técnica ou as prácticas non serán por si mesmos xustificativos dun maior custo dos cursos. Sí será atendida a necesidade dunha dotación específica nas primeiras edicións, ou cando se acredite con claridade o financiamento preciso para material funxible, aluguer de maquinaria ou ferramenta, ou desprazamento a prácticas de campo ou calquera outro aumento do custo habitual. Para autorizar prezos superiores aos establecidos, o responsable do curso deberá xustificar suficientemente a natureza do gasto extraordinario e o custo estimado.

2.- RECOMENDACIÓN PAGO A DOCENTES

- a. Titulación propia, Máster/Especialista e Curso de Formación: 150 €/hora. (300 €/h en casos excepcionais).
- b. Cursos Complementarios: 100 €/hora.
- c. Cursos de Extensión Universitaria: Máximo de 100 €/hora.

a) Criterios excepcionais

Poderanse autorizar, con carácter excepcional, e de xeito ocasional, prezos da hora lectiva superiores aos citados, previa xustificación e explicación fundada do responsable do curso.

b) Gastos de dirección

Nas titulacións propias os gastos de dirección e coordinación non poderán superar o establecido respectivamente para os complementos anuais de dirección e subdirección dos centros da Universidade de Vigo.

Para os Cursos de Máster/Especialista, Cursos de Formación e Cursos Complementarios, o total de gastos por dirección e/ou coordinación non poderá superar o 10% do orzamento total do curso, establecendo como tope máximo absoluto 6.000 €.

Nos Cursos de Extensión Universitaria non poderá superar os 500 € brutos: 250 € no caso da secretaría.

c) Hora de titoría

A retribución das horas de titoría (non lectiva) non poderá superar o 60% do prezo da hora lectiva. Nos cursos de Extensión Universitaria ningún profesor recibirá remuneración por dedicación a actividades non presenciais asíncronas. A docencia non presencial síncrona (mediante videoconferencia) será considerada presencial a estes efectos.



3.- GASTOS DE EXPEDICIÓN DE TÍTULO

- a) Para titulacións propias e Cursos de Máster/Especialista establécese o mesmo importe que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, mediante Decreto anual, fixa para os títulos oficiais a nivel de Grao ou equivalentes.
- b) Para Cursos de Formación:
- Hasta 5 créditos: 12,02 €.
 - De 6 a 10 créditos: 30,05 €.
 - a partir de 11 créditos o mesmo importe que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, mediante Decreto anual, fixa para os títulos oficiais a nivel de diplomado ou equivalentes.

4.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E BOLSAS

- a) Toda titulación propia ou curso de Máster/Especialista debe presentar inicialmente un orzamento equilibrado. Dado o carácter orientativo do orzamento inicial, no caso de non acadarse os ingresos previstos reduciranse os gastos na mesma proporción.
- b) As titulacións propias, cursos de Másteres/Especialista, cursos de Formación e cursos Complementarios deben autofinanciarse. Todos os cursos virán avalados por un centro de gasto que asumirá o déficit económico ocasionado pola posta en marcha ou non inicio, ou por desfase orzamentario non previsto.
- c) En todo caso, un mínimo do 5% do orzamento deberá destinarse a bolsas completas ou a matrículas con tarifa reducida, que se adjudicarán de acordo cos criterios do MEFP ou outros que se xustifiquen. Por tarifa reducida entenderase cando beneficien a todos os alumnos.

5.- NOVAS EDICIÓNS

Antes de aprobar as taxas da nova edición dun máster ou curso, será esixible dispoñer da Memoria final da edición anterior, así como o informe positivo emitido pola Vicerreitoría competente.

6.- MODOS DE TRAMITACIÓN

- a) A Comisión Executiva do Consello Social será informada de todas as propostas de títulos propios, se ben só requirirán a súa autorización expresa previa ao comezo aqueles cursos que fixen algunha excepción ou incumplan a Normativa e recomendacións establecidas.
- b) Aqueles títulos propios e outros cursos que, xestionados pola Vicerreitoría competente e supervisados polo secretario do Consello Social, cumplan as recomendacións, non precisan a autorización expresa para o seu inicio, si a súa supervisión.
- c) O cumprimento das recomendacións será supervisado a través da Memoria final de cada un dos cursos realizados, que deberán ser presentados no prazo máximo de tres meses dende a súa finalización (art. 22 do Regulamento de títulos propios da Universidade de Vigo).

NORMATIVA APLICABLE

- **Artigo 81.3 c) da LOU 6/2011 de 21 de decembro:** “Os prezos de ensinanza propias, cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas ás Universidades ateranse ao que estableza o Consello Social, debendo ser, en todo caso, aprobados xunto cos presupostos anuais nos que se deban aplicar”.
- **Artigo 75.3 f) da Lei 6/2013 do SUG**
- **Artigo 30 e 39 do Regulamento de Títulos Propios de Posgrao e outros cursos da UVigo**